

REGULAMENTO DO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN «CAMPUS INDUSTRIAL FERROL» DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ÍNDICE

TÍTULO I.....	3
NATUREZA E FINALIDADES DO CAMPUS INDUSTRIAL FERROL.....	3
Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición.....	3
Artigo 2. Finalidades do Campus Industrial Ferrol.....	3
TÍTULO II.....	5
ESTRUTURA E XESTIÓN.....	5
Artigo 3. Membros.....	5
Artigo 4. Estrutura de goberno.....	4
Artigo 5. O Consello Reitor.....	6
Artigo 6. Consello Asesor Externo: Empresarial-Institucional.....	6
Artigo 7. Consello Asesor Externo: Científico.....	7
Artigo 8. Consello Asesor Interno.....	8
Artigo 9. Comisión de Docencia.....	8
Artigo 10. Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade.....	9
Artigo 11. Dirección do Campus Industrial Ferrol.....	9
Artigo 12. Oficina Técnica.....	10
TÍTULO III.....	9
CONTROL E AVALIACIÓN.....	9
Artigo 13. Calidade.....	9
Artigo 14. Ética na investigación e na docencia.....	9
Artigo 15. Contratación de persoal	9
Artigo 16. Igualdade de xénero	9
Artigo 17. Normalización e promoción da lingua galega	9
TÍTULO IV.....	10
RÉXIME ECONÓMICO.....	10
Artigo 18. Xestión económica.....	10
DISPOSICIÓN FINAL.....	10

Co Campus Industrial de Ferrol, a partir de agora CIF, a Universidade da Coruña fai unha aposta estratéxica ao crear o primeiro Campus de Especialización que axuda a artellar e facer máis dinámica a economía, non só da comarca, senón tamén a nivel rexional e nacional. Trátase, ademais, do primeiro campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia acreditado como tal pola Xunta de Galicia.

O Campus Industrial Ferrol supón unha identidade propia, unha especialización docente e científica que permite aproveitar, a través dunha axeitada valorización dos seus resultados, as potencialidades do seu contorno e fomenta as súas posibilidades de conectar coas novas necesidades de crecemento e progreso, da man da industria e dos axentes institucionais e sociais.

De acordo co plan estratéxico do CIF, a misión, visión e os valores son os seguintes:

Misión

O Campus Industrial de Ferrol ten como misión afondar na súa especialización dentro dos ámbitos da industria intelixente e a fabricación avanzada a través dunha perspectiva integrada e multidisciplinar en que se potencie a docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de coñecemento do CIF ao tecido empresarial do contorno e á sociedade en xeral.

Con iso, o CIF quere ser un axente estratéxico que contribúa a mellorar a competitividade, eficiencia e sustentabilidade tanto dos sectores industriais estratéxicos de Galicia (naval, enerxético, téxtil etc.) como dos sectores emerxentes (industria do videoxogo, por exemplo), mediante a formación de profesionais para o exercicio das actividades profesionais ligadas a estes e o desenvolvemento de coñecementos e novos avances tecnolóxicos.

Visión

O CIF ten como visión para os próximos anos situarse como o campus de especialización universitario de referencia de Galicia, concretamente no ámbito do *human-centered smart industry* cunha especial orientación aos sectores industriais tractores galegos e de maior desenvolvemento tanto na propia cidade como no seu contorno (naval, oceánico, téxtil, etc.) e obter así prestixio a nivel nacional e internacional.

Desta forma, o CIF busca contribuír a desenvolver unha industria eficiente, capaz de integrar nos seus procesos as necesidades cambiantes do/a consumidor/a individual, baseándose en novas técnicas e sistemas que permitan unha produción máis sostible, mediante a valorización da investigación e da innovación e unha transferencia activa do coñecemento ao tecido industrial e empresarial.

Valores

O CIF ten como valores a excelencia, a interdisciplinabilidade, a integridade profesional, a proactividade para colaborar coa industria, o liderado rexional, o compromiso institucional coa sociedade, a ética e responsabilidade social, a igualdade de oportunidades, e a sustentabilidade e transparencia.

A Universidade velará para que o CIF dispoña dun equipamento idóneo e dun persoal cualificado, e baseará o seu funcionamento neste regulamento e nos preceptos que emanaren da lexislación vixente e dos acordos do Consello de Goberno da Universidade da Coruña que lle foren aplicables.

TÍTULO I

NATUREZA E FINALIDADES DO CAMPUS INDUSTRIAL FERROL

Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición

1. O Campus Industrial Ferrol é unha estrutura organizativa da Universidade da Coruña que ten como finalidade impulsar a docencia, a investigación e a transferencia nos campos da industria intelixente e da fabricación avanzada no campus de Ferrol, ao redor das liñas de especialización que están relacionadas cos piares fundamentais da Fábrica do Futuro.

2. O CIF réxese por este regulamento, os Estatutos e as normas propias da Universidade da Coruña que lle sexan de aplicación e mais pola lexislación xeral de procedemento, universitaria, científica e tecnolóxica que igualmente lle sexa de aplicación.

3. O CIF está adscrito organicamente á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Artigo 2. Finalidades do Campus Industrial Ferrol

1. O Campus Industrial de Ferrol é a estratexia institucional posta en marcha pola UDC para impulsar a transformación e especialización do campus de Ferrol arredor da súa vocación histórica industrial.

2. Constitúen finalidades do CIF:

- Establecer unha estrutura de goberno profesional, participativa e conectada coas demandas da industria e da sociedade.
- Ter unha estratexia actualizada e próxima do Campus Industrial ás tendencias e necesidades no ámbito da industria intelixente que o permita identificar como un centro de xeración de coñecemento e de I+D especializado e como un aliado dos sectores industriais.
- Ser unha referencia de formación superior no ámbito da industria intelixente e de fabricación avanzada adaptada permanentemente ás necesidades do tecido industrial.
- Recoñecerse como axente tractor líder na I+D na Industria Intelixente aplicada aos sectores naval, marítimo-portuario, loxístico, industrial, da moda e do metal.
- Ser o principal axente de transferencia e de colaboración do tecido produtivo industrial para trasladar as aplicacións da industria intelixente e da fabricación avanzada ao tecido empresarial.
- Lograr unha visibilización, posicionamento público e un nivel de transparencia referentes a nivel rexional e nacional.

3. Para lograr estas finalidades, o CIF desenvolverá cantas funcións e actividades resultaren necesarias de conformidade co disposto coa súa natureza e a normativa de aplicación.

TÍTULO II

ESTRUTURA E XESTIÓN

Artigo 3. Membros

1. Son membros do CIF:
 - a) O persoal docente e investigador, funcionario ou con relación contractual coa UDC, adscrito ao CIF, así como outro persoal investigador procedente de convocatorias de captación de talento, ciencia excelente ou similares.
 - b) O persoal investigador en formación adscrito ao CIF, que conte, así mesmo, coa dirección dun investigador/a adscrito/a ao CIF.
2. O compromiso de adscrición poderá ser revogado polo informe da Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade por causa debidamente xustificada.
3. A Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade deseñará os criterios de avaliación específicos e revisará cada tres anos ou cada ano segundo aplique, tal e como figura na normativa de adscrición ao CIF, a permanencia do persoal investigador no centro. Os criterios de avaliación aplicables estarán indicados na normativa interna de adscrición ao CIF.
4. A perda da condición de membro do CIF prodúcese de acordo co indicado na respectiva Normativa de adscrición do CIF.

Artigo 4. Estrutura de goberno

A estrutura de goberno do CIF é a que segue:

- a) Consello Reitor
- b) Comité Asesor Empresarial-Institucional
- c) Comité Asesor Científico
- d) Comité Asesor Interno
- e) Comisión de Docencia
- f) Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade
- g) Director/a do CIF
- h) Oficina Técnica

Artigo 5. O Consello Reitor

1. O Consello Reitor, órgano superior de goberno do CIF, está composto polos seguintes membros:
 - O/a reitor/a da UDC (presidente/a) (con voto de calidade)
 - O/a vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
 - O/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica
 - 2 membros de representación empresarial
 - Un representante da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia)
 - O/a director/a do CIF (secretario con voz pero sen voto)

2. Reunirase como mínimo nunha sesión ordinaria cada ano e en sesión extraordinaria as veces que sexa necesario.
3. Sen menoscabo das competencias que, de acordo coa normativa vixente, sexan propias dos órganos superiores de goberno da UDC, son competencias do Consello Reitor do centro as seguintes:
 - Aprobar o Plan estratéxico do CIF e as súas modificacións, os plans operativos anuais do CIF e os informes anuais de implementación do Plan estratéxico.
 - Aprobar a proposta do orzamento de ingresos e gastos, así como a liquidación deste que, acompañada da memoria de actuación, lle remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC.
 - Artellar programas que reciban achegas do sector público comunitario, estatal, autonómico ou local, e dos sectores privados, universitarios ou organizacións internacionais.
 - Proporlle ao Consello de Goberno da UDC a incorporación doutras entidades públicas ou privadas ao Consello Reitor, de acordo co previsto no presente regulamento.
 - Proporlle ao Consello de Goberno da UDC un regulamento de réxime interno, ou a súa modificación cando proceda.
 - Propor o nomeamento ou cesamento dos membros dos comités e comisións.
 - Acordar a proposta de nomeamento e cesamento de quen dirixa o CIF ao reitor/a da UDC.

Artigo 6. Comité Asesor Empresarial-Institucional

1. O Comité Asesor Empresarial-Institucional estará formado por 7 representantes de entidades empresariais e institucionais:
 - 1 representante do Concello de Ferrol
 - 1 representante do Centro Tecnolóxico Galego
 - 3 membros de representación industrial/empresarial
 - 1 representante da GAIN (Axencia Galega de Innovación)
 - O/a director/a do Campus Industrial, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto
2. O Comité Asesor Empresarial-Institucional é un órgano consultivo. Ten como finalidade revisar a orientación estratéxica do CIF, desde o punto de vista da súa relación coa industria e as institucións.
3. Os obxectivos do Comité Asesor Empresarial-Institucional son os seguintes:
 - Facilitar as colaboracións co tecido industrial e a colaboración público-privada.
 - Colaborar na orientación estratéxica do CIF en consonancia coas necesidades da empresa.
 - Identificar as necesidades da empresa para orientar mellor a formación de cara á empregabilidade do estudiantado.
 - Identificar as necesidades da empresa en termos de I+D para orientar a investigación no CIF, de tal xeito que se facilite a transferencia de resultados.

4. O Comité Asesor reunirse como mínimo nunha sesión ordinaria cada ano.

Artigo 7. Comité Asesor Científico

1. O Comité estará formado por expertos científicos aliñados coas liñas de investigación do CIF de ámbito nacional e internacional. Estará integrado por tres membros:
 - Unha persoa experta en materiais/fabricación aditiva
 - Unha persoa experta en robótica industrial
 - Unha persoa experta en procesos industriais/loxística
 - O/a director do Campus Industrial, que actuará de secretario/a, con voz pero sen voto
2. O Comité Asesor Científico é un órgano consultivo. Ten como finalidade revisar a orientación estratéxica do CIF desde o punto de vista científico.
3. As funcións do Comité Asesor Científico son as seguintes:
 - Asesorar sobre a orientación científica e as liñas de especialización do Campus.
 - Orientar o CIF sobre as tendencias internacionais nos ámbitos da súa especialización.
 - Proporlle ao Consello Reitor do CIF a incorporación doutras persoas expertas en liña coa Axenda Científica do CIF, de acordo co previsto no presente regulamento.
4. O Comité Asesor Científico reunirse como mínimo nunha sesión ordinaria cada ano.

Artigo 8. Comité Asesor Interno

1. O Comité estará formado por:
 - Os/as directores/as e decanos/as das escolas e facultades de Ferrol e o voto de calidade corresponderalle ao/á director/a da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol
 - O/a director/a do Campus Industrial, que actuará de secretario/a, con voz pero sen voto
2. O Comité Asesor Interno é un órgano consultivo. Ten como finalidade revisar a orientación estratéxica e contribuír a implementar os plans operativos anuais do CIF.
3. As funcións do Comité Asesor Interno son as seguintes:
 - Colaborar na elaboración e revisión do Plan estratéxico do CIF.
 - Asesorar na identificación de medidas e actuacións que deben ser valoradas pola dirección do CIF para elaborar os plans operativos anuais, en liña co establecido polo Plan estratéxico.
 - Facilitar a coordinación entre o CIF e as escolas e facultades de Ferrol na implementación das actuacións lideradas polo CIF.
4. O Comité Asesor reunirse como mínimo cada 6 meses.

Artigo 9. Comisión de Docencia

1. A Comisión de Docencia estará formada por 7 membros:
 - O/a vicerreitor/a de Planificación Académica e Innovación Docente ou persoa en quen delegue

- O/a coordinador/a
- O/a director/a do Campus Industrial
- 2 membros de representación empresarial
- 1 representante do PAS
- 1 representante do estudantado

2. A Comisión de Docencia ten como funcións as seguintes:

- Analizar e valorar as necesidades formativas do tecido empresarial no ámbito da industria intelixente.
- Analizar e valorar a empregabilidade dos egresados dos títulos do CIF.
- Identificar e propor nova oferta académica e actualizar a existente, así como os plans de formación continúa en industria intelixente e programas de seminarios especializados.
- Coordinar e establecer as estratexias de comercialización da oferta docente e a captación de estudantes.
- Diseñar estratexias para contribuír á mobilidade do alumnado.

3. A Comisión de Docencia reunirse como mínimo cuadrimestralmente.

Artigo 10. Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade

1. A Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade estará formada por 9 membros:

- O/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia ou persoa en quen delegue
- O/a coordinador/a
- O/a director/a do Campus Industrial
- 2 representantes que serán investigadores/as principais dos grupos de investigación
- 3 membros de representación empresarial
- O/a director/a do Centro de Investigación do Campus Industrial de Ferrol

2. A Comisión ten como finalidade:

- Aprobar e revisar a Axenda Científica do CIF, así como contribuír á súa implementación.
- Identificar e xestionar as infraestruturas e os equipos de investigación do CIF.
- Promover a articulación de proxectos competitivos multidisciplinares e aliñados nos ámbitos de especialización do Campus de Especialización.
- Reforzar a estratexia de alianzas con empresas e institucións de maneira que se intensifique a transferencia de tecnoloxía e coñecemento desde o Campus de Especialización ao seu contorno socioeconómico.
- Colaborar na implementación das actuacións do CIF en materia de I+D+i e transferencia.

- Propórle ao Consello Reitor do CIF a incorporación doutras persoas expertas do Comité Asesor Científico, en liña coa Axenda Científica do CIF, de acordo co previsto no presente regulamento
3. A Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade reunirse como mínimo nunha sesión ordinaria cuadrimestral.

Artigo 11. Dirección do Campus Industrial Ferrol

1. O/a director/a do CIF terá a cargo a súa dirección e exercerá a súa representación. Será nomeado/a polo/a reitor/a por períodos de catro anos, renovables, por proposta do Consello Reitor do CIF. Deberá ser membro do PDI da Universidade da Coruña en servizo activo e a tempo completo.
2. O/a director/a ten como funcións:
 - Impulsar o desenvolvemento do Plan estratéxico do CIF, así como facer o seu seguimento activo e propoñer a súa actualización en caso necesario.
 - Elaborar os plans operativos anuais do CIF.
 - Dirixir a Oficina Técnica do CIF e definir as tarefas do seu persoal.
 - Presentar ante o Consello Reitor o informe anual de execución do CIF.
 - Representar os intereses do CIF e ser interlocutor/a ordinario/a a nivel institucional e ante a comunidade universitaria da UDC.
 - Xestionar os distintos instrumentos de financiamento do CIF.
 - Dirixir e impulsar as actividades previstas no Plan estratéxico e nos Plans operativos anuais, as previstas nos instrumentos de financiamento do CIF e calquera outra iniciativa relacionada co Campus Industrial.
 - Velar pola coordinación co equipo de goberno da UDC en todas aquelas actividades relacionadas co CIF.
 - Promover a articulación de proxectos competitivos multidisciplinares e aliñados cos ámbitos de especialización do Campus de Especialización.
 - Reforzar a estratexia de alianzas con empresas e institucións de maneira que se intensifique a transferencia de tecnoloxía e coñecemento desde o Campus de Especialización ao seu contorno socioeconómico.
 - Promover a articulación de novas titulacións e programas de formación vinculadas co CIF.
 - Velar polo adecuado mantemento das instalacións da Oficina do CIF.
3. O director/a do CIF terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen a dirección ou o decanato das facultades e escolas da Universidade da Coruña.
4. A perda da condición de director/a do CIF prodúcese por renuncia, perda da condición de PDI ou da dedicación a tempo completo ou cesamento por proposta do Consello Reitor.

Artigo 12. Oficina Técnica

1. A Oficina Técnica está composta por persoal suficiente para dar soporte técnico para I+D e apoiar as liñas de investigación, ofrecer soporte técnico para transferencia e comercialización de resultados, apoiar a internacionalización e dar soporte para comunicación e relación coa sociedade.

2. A Oficina Técnica ten como finalidade:

- Implementar a realización das actuacións en termos de internacionalización, I+D+i, comercialización e comunicación en colaboración coa comunidade que conforma o CIF e baixo a dirección do/a director/a do CIF.
- Desenvolver aquelas actividades que, relacionadas co CIF, sexan definidas pola dirección.
- Facer o seguimento dos indicadores de execución e resultado conforme o establecido no Plan estratéxico.

TÍTULO III

CONTROL E AVALIACIÓN

Artigo 13. Calidade

1. O CIF elaborará cada ano unha memoria das actividades realizadas, un plan operativo anual para o ano entrante, así como, cada cinco anos, un Plan estratéxico para o período seguinte, que inclúa indicadores específicos que permitan avaliar a actividade desenvolvida ou ben como unha planificación estratéxica.
2. A memoria, o Plan operativo anual e o Plan estratéxico deberán incluír os informes de avaliación de actividade do CIF nos períodos que correspondan e deberán estar aprobados polo Consello Reitor segundo o artigo 5 deste documento.

Artigo 14. Ética na investigación e na docencia

O Campus Industrial desenvolverá as súas actividades de conformidade cos estándares éticos máis elevados, baixo a supervisión do Comité de Ética na Investigación e na Docencia da Universidade da Coruña.

Artigo 15. Contratación de persoal

O Campus Industrial adoptará cantas medidas sexan precisas para asegurar que na contratación de persoal adscrito ao CIF se cumpra a lexislación e os convenios colectivos de aplicación, ben como criterios de selección compatibles cos selos de excelencia obtidos pola UDC, como o HRS4R da Comisión Europea, e calquera outro que aplique.

Artigo 16. Igualdade de xénero

O CIF aplicará con carácter transversal, en todas as súas actividades, políticas e medidas adecuadas para eliminar calquera desigualdade, directa ou indirecta, entre homes e mulleres, en coordinación coa Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña.

Artigo 17. Normalización e promoción da lingua galega

De conformidade co Regulamento de Usos da Lingua Galega na Universidade da Coruña, o CIF empregará o galego como lingua de uso normal no seu funcionamento e na súa proxección externa e promoverá de forma activa o uso da lingua galega nas actividades que se desenvolvan no CIF.

TÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 18. Xestión económica

1. Os orzamentos da UDC conterán a dotación económica do CIF.
2. Os gastos do CIF serán autorizados pola dirección do CIF e pola Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da Sede Electrónica da Universidade da Coruña.